



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE DECEMBRO DE 2011**

### **LICENZAS**

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/2315/2011.-** ARIAL DESARROLLOS INMOBILIARIOS SL.- LIC/688/... 30.000,00 €

**LIC/2312/2011.-** VANESSA RAQUEL VIVAS BENHAMOU.- LIC/29/2009... 3.000,00€

### **OCIHR**

#### **LICENZAS**

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

**LIC/871/2011.- DOLORES RODRÍGUEZ VÁQUEZ.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de obras para restauración de escaleiras do inmoble sito na rúa Rodas nº 12. O importe da fianza é de 1.200€.

**DIS/617/2011.- MARCELINO MANUEL SNAIN ALVAREZ.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na praza de Santo Agostiño nº 6.

### **3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á reclamación de xuros ao Xurado provincial de expropiación forzosa da Expropiación para conexións exteriores do equipamento administrativo.**

Deuse conta á XGL da proposta da Concelleira de Urbanismo para o pago de xuros por demora na fixación do prezo xusto das expropiacións forzosas.

### **4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do proxecto de reurbanización da rúa Virxe Branca.**

A XGL aprobou o Proxecto de reurbanización da rúa da Virxe Branca, para a súa posterior licitación e contratación das obras, cun orzamento de 260.958,82 €.

### **5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do proxecto de ordenanza reguladora da publicidade e rotulación en Santiago de Compostela.**

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Urbanismo para un Proxecto de Ordenanza reguladora da publicidade e rotulación en Santiago de Compostela. O procedemento será: aprobación no Pleno, información pública durante 30 días e trala resolución das reclamacións a súa aprobación definitiva.

### **6.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á cualificación dun proxecto como iniciativa local de emprego.**

Aprobouse a proposta da concelleira de Comercio relativa á cualificación do Proxecto empresarial UNEM como Iniciativa Local de Emprego; isto conleva a autorización do uso de instalacións do CERSIA e a participación dos promotores nas actividades formativas do Concello durante os exercicios 2011 e 2012. Este Proxecto ofertará servizo de emprendemento e *Spin-Off* (estudos de viabilidades, elaboracións de plans de empresa, trámites de constitución...).

### **7.- Informe sobre o proxecto de Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela.**

Coñeceuse o Informe sobre o Proxecto de Regulamento do Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela.

**9.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club A.LOBELLE DE SANTIAGO, F.S.**

Este convenio ten unha achega do Concello de 115.241,30 €.

**10.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE.**

Apróbase o convenio cunha achega do Concello de 29.750 €.

**11.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB TRIATLÓN BRICOSA.**

Apróbase o convenio cun importe de 10.200 €.